



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Organización e RR.HH.

Bases específicas e convocatoria praza arquitecto técnico OEP 2023

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

Aprobar as seguintes bases específicas e convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto técnico

Grupo A2.- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Número de vacantes: 1. Denominación: arquitecto técnico. Código praza: 2120023

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISION DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO DO CONCELLO DE NARÓN.

- 1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Arquitecto técnico.
- 2.-Número de prazas que se convocan.- 1
- 3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A2, nivel 20, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.
- 4.- Función do posto de traballo.-
 - I. Asesorar ao concello e aos seus organismos autónomos en materia propia de seu ámbito, procurando un sentido global e coherente das actuacións a nivel interno e externo
 - II. Realizar a tramitación derivada dos proxectos de urbanismo e apoio a xefatura .
 - III. Informar tecnicamente os expedientes urbanísticos, valoracións e inspeccións de proxectos
 - IV. Desenvolver proxectos urbanísticos asignados baixo criterios e pautas preestablecidos.
 - V. Coordinar a execución de obras e proxectos
 - VI. Verificar que os traballos integren os principios de prevencións de riscos e seguridade no traballo.
 - VII. Informar o cumprimento da normativa e regulamentos de aplicación en materia urbanística e medioambiental
- 4.- Sistema de provisión.- Oposición libre.
- 5.-Titulación esixida.- Estar en posesión do título universitario de Diplomado ou Grado en Arquitectura técnica, grado en edificación , ciencias e tecnoloxías da edificación, enxeñeira da edificación ou calquera título oficial de grado que acredite a competencia para as tarefas a desenvolver.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España
- Nivel de galego-Celga 4
- 6.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-
 - Copia do DNI
 - Copia da titulación esixida.(incluído Celga 4)
 - Xustificante pago dereitos exame.
- 7.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas presentes bases específicas e nas bases xerais correspondentes.
- 8.- Dereitos de exame.- 17,21 euros.
- 9.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

OPOSICIÓN

A oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO.-Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de hora e media, un tema de dous extraídos ao chou polo Tribunal inmediatamente antes da celebración do exercicio ,de entre os que figuran como Anexo a estas bases (Grupo I e II). O aspirante deberá especificar claramente na folla de exame, o tema elixido antes de comezar a exposición do mesmo.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, para superalo.

SEGUNDO EXERCICIO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo establecido polo tribunal, un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no grupo II do temario que se indica como Anexo .

Neste exercicio valorarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática no plantexamento e formulación de conclusións e o coñecemento e adecuada interpretación da normativa aplicable no seu caso. Se permitirá o uso de textos legais non comentados para a realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, en cada un dos supostos para superalo.

A cualificación final deste exercicio, virá determinada pola media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos supostos.

TERCEIRO EXERCICIO.- Galego.

Consistirá na tradución dun ou varios textos seleccionado/s polo Tribunal, no tempo establecido polo tribunal.

Quen acredítase, estar en posesión do título Celga 4 de galego, estará exento da realización deste exercicio.

A cualificación do exercicio será de “apto” ou “non apto”,

A puntuación total obterase sumando as obtidas nos dous primeiros exercicios.

CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA E LISTA DE ESPERA

Lista de reserva.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, a relación de aspirantes que tivesen superado o proceso selectivo pero respecto aos cales non se formulara proposta de nomeamento por non alcanzar o número das prazas ofertadas, poderán ser propostos polo tribunal aos efectos de poder ser nomeados funcionarios/as de carreira, nos supostos previstos na base décima apartado segundo das bases xerais 2023 que rexen este proceso selectivo

Lista de espera.- Ademais, se formará unha lista de espera, aos solos efectos de chamamentos de carácter temporal ou interino, cos/as opositores que tivesen superado integramente o proceso selectivo e aqueles/as opositores que sen superar integramente o proceso selectivo, tiveran aprobado o primeiro exame da oposición .

A orde na lista de espera será polo número de probas superadas e, no caso de empate, o total de puntuación obtida no proceso selectivo, si persiste o empate, a puntuación do primeiro exercicio.

Esta lista de espera terá carácter preferente sobre calquera outra que poida existir con anterioridade para futuros nomeamentos interinos ou contratacións temporais nos termos establecidos na base décimo sexta das bases xerais 2023 que rexen o presente proceso selectivo.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Concluído o proceso selectivo o Tribunal proporá á Alcaldía-Presidencia que se adxudiquen a praza e o posto de traballo ao/á candidato/a que obtivesen maior puntuación segundo a puntuación final do proceso selectivo, sumados os resultados finais de ambas as fases.

O prazo máximo para a resolución do proceso selectivo será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización da presentación de solicitudes, podendo prorrogarse por un mes máis a proposta do tribunal.

A adxudicación do posto na presente convocatoria producirá o cesamento no posto de traballo de quen o viñese desempeñando

ANEXO

Grupo I

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.
2. A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento. Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
3. Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.
4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electrónicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos.
6. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.
7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.
8. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación
9. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.
10. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais.
11. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.
12. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.
13. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local .O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións.
14. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.
15. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.
16. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes dos funcionarios/as locais . Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.
17. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais: Tributos e prezos públicos.
18. Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público Disposicións xerais sobre a contratación do sector público
19. Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Política en materia de prevención de riscos laborais para protexer á seguridade e saúde no traballo
20. Lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal: Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas.
21. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Políticas públicas de igualdade. Principios xerais. Acción administrativa para á igualdade.
22. Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas polo Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Grupo II

23. Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Estatuto xurídico da propiedade do solo. Estatuto básico da promoción das actuacións urbanísticas. Bases do réxime do solo. Regras procedimentais comúns e normas civís.

24. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbano. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

25. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo de núcleo rural. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

26. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbanizable. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

27. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo rústico. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

28. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM). Planeamento de desenvolvemento.

29. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Execución e conservación das obras de urbanización. Proxectos de urbanización. Obras de urbanización. Conservación da urbanización.

30. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Títulos habilitante de natureza urbanística. Licenzas urbanísticas. Comunicacións previas.

31. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Usos e obras provisionais. Edifícios fóra de ordenación. Normas de aplicación directa. Réxime das edificacións existentes de carácter tradicional.

32. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime das parcelacións urbanísticas. Contido do proxecto de parcelación. División de terreos en solo rústico.

33. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo de núcleo rural. Condicións da edificación. Condicións para o outorgamento de licencias nos núcleos rurais.

34. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo urbanizable. Planes de desenvolvemento aprobados.

35. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo urbano. Categorías. Determinacións xerais. Ordenanzas xerais e zonais da edificación. Usos.

36. Regulación urbanística do solo industrial no termo municipal de Narón.

37. Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

38. Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostaleira de Narón.

39. Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón.

40. Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón.

41. Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre construcións, instalación e obras.

42. Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: O contrato de obras. actuacións preparatorias do contrato de obras. execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

43. Lexislación estatal e autonómica de costas. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Limitacións da propiedade derivadas da súa protección. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

44. A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, (LOLG). Obxecto, ámbito de aplicación. Instrumentos de ordenación do litoral. Zonificación. Situación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, derivada da entrada en vigor da LOLG.

45. Lexislación estatal e autonómica de augas: O Dominio Público Hidráulico (DPH). Bens que o integran. Protección do DPH. Fins. Réxime de usos.
46. Lexislación estatal e autonómica de estradas: O Dominio Público Viario. Concepto e clasificación das estradas. Treitos urbanos. Travesías. Protección do dominio público viario. Delimitación de zonas e usos autorizables ou suxeitos a declaración responsable.
47. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tipos de bens. Catálogos urbanísticos de protección do patrimonio cultural. Réxime xeral e específico de protección e conservación do patrimonio cultural. Disposición transitoria cuarta. Planeamento municipal.
48. Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Consideración urbanística das zonas de servizo. O dominio público ferroviario e a súa protección. Limitacións da propiedade nas zonas de protección.
49. Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea: Autorizacións en zonas de servidume ou que supoñan obstáculos. Articulación co Planeamento urbanístico.
50. A Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído. Real Decreto 1367/2007. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia.
51. A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
52. Orde TMA/851/2021, do 3 de xullo, sobre condicións básicas de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados.
53. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
54. Código Técnico da Edificación: Obxecto. Ámbito de aplicación. Condicións Xerais para o cumprimento do CTE. Esixencias básicas. Condicións do proxecto. Contido do proxecto.
55. Documento básico DBSI: seguridade no caso de incendio.
56. Documento básico DBSUA: utilización e accesibilidade.
57. Documento básico DBHS: Salubridade.
58. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
59. A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.
60. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
61. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
62. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
63. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
64. O Informe de Avaliación de Edificios. O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación de edificios (IAE) na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o rexistro galego de IAE. A súa xestión municipal.
- (Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame.)

Narón, 20 de febreiro de 2025

A alcaldesa

Marian Ferreiro Díaz

2025/1238